



GUÍA DOCENTE DE **MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: MÚSICAS DE TRADICIÓN ORAL I-IV										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO				Etnomusicoloxía	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO	Musicoloxía
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	4h.
ECTS/CUAD.			6	6	6	6			Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento e estudo das músicas de tradición oral en diferentes culturas desde o ámbito das fontes, os/as intérpretes, o repertorio e os xéneros musicais; análise das características musicais, os instrumentos, a relación música-texto e a función social que desempeña a música en diferentes culturas relacionándoas entre si. Relación entre música tradicional, popular e culta.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, 8, 9, 16, 17
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, 4, 5, 16, 17, 23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM 1, 2, 5, 6, 7, 8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
<ol style="list-style-type: none"> Comprender a importancia das manifestacións musicais de tradición oral entendendo a súa enorme diversidade e amplitude. Aportar criterios flexibles acerca do fenómeno musical con relación ós conceptos de sociedade e cultura. Proporcionar unha aproximación á etnomusicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, corpus teórico e metodoloxía, con vistas a incidir na apreciación musical das músicas de tradición oral. Aproximarse ós estilos xeográficos e contextuais fundamentais dentro do plano global das músicas de tradición oral. Comprender a importancia da música como parte fundamental dunha cultura ou pobo determinado realizando asociacións entre música e sociedade. Introducirse no análise destas músicas coas limitacións que a súa amplitude supoñen. Empregar de forma axeitada o léxico necesario para referirse ós conceptos da materia con respecto a todo tipo de músicas. Utilizar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos doutra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións...), noutras materias, ou ben a través da súa experiencia cotiá. 	T2, T8, T17, T23, X3, X4, X5, X16, X17, EM1, EM2, EM5, EM6, EM7, EM8.
<ol style="list-style-type: none"> Coñecer a distribución das principais músicas de tradición oral e culta non occidental do mundo Estudar os rasgos principais das músicas do mundo: circunstancias históricas, función social, características, xéneros musicais, repertorio, organoloxía. Identificar aos intérpretes máis recoñecidos das músicas de tradición oral e culta non occidental 	T8, T16, X16, X17, X23, EM1, EM5, EM7, EM8



4. Valorar o estudo das músicas doutros lugares do mundo como contribución á sensibilización social da súa importancia cultural 5. Coñecer as ideas dos principais etnomusicólogos sobre as músicas de tradición oral e culta non occidental	
1. Coñecer a historia da etnomusicoloxía española 2. Estudar os rasgos principais das músicas españolas de tradición oral, identificando a súa organoloxía característica 3. Coñecer os sistemas de clasificación do repertorio oral español 4. Estudar e valorar o traballo de campo nas músicas de tradición oral 5. Comprender a importancia e o valor das manifestacións musicais de tradición oral españolas recoñecendo a súa enorme diversidade	T8, T16, T17, X17, X23, EM1, EM5, EM7, EM8

4. CONTIDOS

1. Aproximación á música de tradición oral. 2. Historiografía das músicas urbanas de tradición. 3. As músicas urbanas
1. Principais culturas musicais africanas. 2. Asia. 3. Oceanía
1. A música de Asia Oriental. 2. A música en Latinoamérica. 3. As músicas europeas
1. Historia da etnomusicoloxía española. 2. A música de tradición oral española. 3. Clasificación da música española de tradición oral. 4. A organoloxía tradicional española. 5. O traballo de campo

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na clase, tempo especial de titoría	Esporádica
Actividades de avaliación: Presentación traballos. Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

<p>A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.</p> <p>A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.</p> <p>No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.</p> <p><i>*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.</i></p>
